

PLAN DIXITAL

CEIP PLURILINGÜE VIRXE DO MAR

Versión 1.0 - Xuño 2022

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

5.

- 5.1. Seguimento do Plan de Acción
- 5.2. Propostas de mellora (revisión)

6. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

CÓDIGO:15023508

NOME: CEIP Plurilingüe Virxe do Mar

ENDEREZO: Rúa Illas Cíes, nº 2. C.P. : 15570

POBOACIÓN: Narón

TELÉFONO: 881 93 03 83

CORREO ELECTRÓNICO: ceip.virxedomar@edu.xunta.es

PÁXINA WEB: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvirxedomar/>

O centro está catalogado na Rede de Centros como centro de 3 unidades de Educación Infantil e 6 unidades de Educación Primaria.

Na actualidade están en funcionamento 3 unidades de Educación Infantil e 8 de Educación Primaria, contamos con dous grupos en 4º e 6º de Educación Primaria.

O claustro está composto por 20 membros máis dúas mestras de relixión católica, que pertencen aos claustros do CEIP Ponte de Xubia e CEIP de Piñeiros.

No presente curso están matriculados 208 alumnos/as, 63 en Educación Infantil e 145 e Educación Primaria.

1.2. Breve xustificación do mesmo

Tendo en conta a Guía de elaboración do Plan Dixital do INTEF, o presente documento *enténdese como un instrumento que debe favorecer e impulsar o uso dos medios dixitais tanto nos procesos de ensinanza-aprendizaxe como nos procesos de xestión do centro, sempre co obxectivo último de colaborar no desenvolvemento integral do alumnado*, polo que pasará a formar parte do PEC, da PXA e do proxecto de dirección.

Para a súa elaboración tívose en conta onde está actualmente e a onde quere chegar o centro, estes datos facilitaron trazar o camiño a seguir. Avaliouse a situación do centro con relación ao uso das TIC para poder deseñar e emprender un proceso de transformación no centro nunha organización que aprende, sendo so posible se é unha organización dixitalmente competente.

Non se trata dun documento pechado e ríxido, será sometido ás revisións periódicas necesarias para facer os axustes pertinentes segundo as demandas que, en materia dixital, vaian xurdindo, coa finalidade de ser un documento operativo e vixente en todo momento que abarcará todos os ámbitos da xestión escolar.

No ámbito estatal o preámbulo da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, xa pon de manifesto nos artigo 111bis.2 “*los entornos virtuales de aprendizaje que se empleen en los centros facilitarán la aplicación de planes educativos específicos diseñados por los docentes para la consecución de objetivos.....*”; No artigo 121 “*el proyecto educativo de l centro recogerá la estratedia digital del centro según el artículo 111bis.5 “ Las administraciones educativas y los equipos directos de los centros promoverán el uso de las tecnologías de la información y la comunicación (TIC) en el aula como medio didáctico apropiado y valioso para llevar a cabo las tareas de enseñanza y aprendizaje.....*”

No ámbito da nosa comunidade autónoma a Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022, na disposición adicional quinta establece que *os centros docentes elaborarán no curso 2021/2022 o seu plan dixital de acordo coas instrucións que se diten.*

Ditas instrucións están recollidas na Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

1.3. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

➤ Características socio-económicas e culturais

O barrio onde se atopa o centro é un conxunto de bloques de casas na barriada das chamadas Casa da Mariña. Casa de barrio antigas cunha superficie habitables inferior ós 80 metros cadrados. A maioría das familias vive nestas casas.

O contexto socioeconómico e cultural do alumnado é moi diverso, dándose a circunstancia de que moitas familias proceden doutras autonomías e tamén do estranxeiro, que nalgúns casos precisa tamén de apoio educativo específico, ben sexa para a adquisición do idioma ou para acadar un nivel académico semellante ao dos rapaces escolarizados no centro. Por todo isto, existe unha grande diversidade lingüística e, sobre todo, cultural. Ademais, a sobrecarga de matrícula doutros centros escolares do Concello, fai que o noso centro acolla a nenos e nenas que non residen no entorno máis próximo.

Na análise de composición social ou procedencia económica das familias dedúcese que unha porcentaxe moi alta pertence a unha clase social medio-baixa.

As familias, en xeral, son colaboradoras existindo unha comunicación directa e constante ante calquera situación anómala. Aínda que existe un horario de atención ás familias, sempre se lles dá facilidades para acudir ao centro noutro momento, se por diversas circunstancias non puidesen vir nas horas de titoría.

A ANPA do centro, amosa disposición de colaboración e implicación nas distintas actividades ou celebracións que se programan desde o centro.

A maioría do alumnado do centro vive no entorno inmediato do mesmo, polo tanto pertence a un ambiente urbano. A meirande parte pertence a unha clase media baixa, so a nai ou o pai traballan e unha pequena parte dos alumnos vive nunha familia sen que ningún dos seus proxenitores teña traballo.

Non todas as familias dispoñen dos medios necesarios para lograr un bo hábito de estudo e mellorar o seu rendemento académico.

Hai unha proporción bastante equilibrada entre nenos e nenas, e teñen como lingua materna o castelá, lingua falada diariamente nas súas casas. Existe unha relación moi directa entre os resultados académicos do alumnado e o nivel cultural das familias.

Tanto o absentismo escolar (fundamentalmente debido a enfermidades) como a puntualidade son, en xeral, satisfactorios.

➤ **Contribución do Proxecto Dixital ao Proxecto Educativo do Centro**

O Plan Dixital é un instrumento de planificación integrado no PEC, que persegue fundamentalmente o desenvolvemento do tratamento da información e competencia dixital a integración das TIC como ferramenta didáctica nos procesos de ensino-aprendizaxe e nos distintos plans e programas do centro.

➤ **Contribución do Proxecto Dixital á Programación Xeral Anual do curso 2022/2023**

No marco dos obxectivos que se formulen na Programación Xeral Anual do curso 2022/2023, farase referencia aos obxectivos que integran este Plan e que están recollidos no punto 3.1 deste documento.

1.4. Proceso de elaboración

A Comisión Europea desenvolveu a ferramenta de autoavaliación SELFIE que permitiu obter en liña un informe de autoavaliación do centro e no marco da Comunidade Autónoma os resultados do testCDD permitiu elaborar o informe DAFO. Destes informes o grupo de traballo tivo a documentación para a elaboración do Plan.

Nunha primeira análise, tívose en conta onde está actualmente e a onde quere chegar o centro, estes datos facilitaron trazar o camiño a seguir. Avaliouse a situación do centro con relación ao uso das TIC para poder deseñar e emprender un proceso de transformación no centro nunha organización que aprende, sendo so posible se é unha organización dixitalmente competente.

Non se trata dun documento pechado e ríxido, será sometido ás revisións periódicas necesarias para facer os axustes pertinentes segundo as demandas que, en materia dixital, vaian xurdindo, coa finalidade de ser un documento operativo e vixente en todo momento que abarcará todos os ámbitos da xestión escolar.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

➤ Infraestrutura dixital do centro

O centro conta con conexión cableada en todas as aulas e con catro puntos wifi.

➤ Equipamento dispoñible

Todas as aulas están dixitalizadas (hai dúas pizarras dixitais moi antigas e outras dúas que non funciona a función táctil, estase á espera de que a Consellería as cambie)

O centro conta con:

- 3 equipos informáticos e dúas impresoras para o equipo directivo
- 1 ordenador e impresora no Departamento de Orientación
- 3 ordenadores na sala de mestres con unha impresora e acceso á impresora de conserxería
- Cada aula ten ordenador (moitos obsoletos que ralentizan o seu funcionamento) e pizarra dixital
- 1 ordenador no salón de actos
- 4 ordenadores na biblioteca, sendo 1 para a xestión da mesma
- 21 ordenadores na aula de informática (11 portátiles e 10 de sobremesa)

➤ Servizos dixitais educativos

- **páxina web:** <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvirxedomar/>
- **aula virtual:** <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvirxedomar/aulavirtual/>
- **abalarmóbil:** <https://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/es/noticia/abalarmobil>

➤ Xestión do mantemento do equipamento do centro

Para o mantemento do equipamento do centro contamos cunha empresa para solucionar pequenos problemas diarios que para o seu arranxo non se pode esperar polos técnicos da UAC, xa que tardan moito en achegarse ao centro para solucionar os problemas que teñamos.

➤ Enlaces a protocolos do centro coas TIC

- **páxina web:** <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvirxedomar/>

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Areas	Grupos	Ensinanzas
		Primaria
A -Liderado	Equipo Direct.	2,3
	Profesorado	2,3
	Alumnado	
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2,1
	Profesorado	1,7
	Alumnado	3,1
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3,5
	Profesorado	2,5
	Alumnado	2,9
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	2,7
	Profesorado	2,3
	Alumnado	
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3,3
	Profesorado	2,8
	Alumnado	
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	2,8
	Profesorado	2,1
	Alumnado	3,1
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2
	Profesorado	1,6
	Alumnado	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	2,7
	Profesorado	1,8
	Alumnado	3,8

Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	<u>8</u>	<u>13</u>	<u>61,5</u>
PROVISIONAL	<u>1</u>	<u>2</u>	<u>50</u>
INTERINO	<u>3</u>	<u>5</u>	<u>60</u>
SUBSTITUTO	<u>0</u>	<u>1</u>	<u>0</u>
DESPRAZADO	<u>0</u>	<u>0</u>	<u>0</u>

Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<u>51,8</u>	<u>A2 explorador</u>	<u>76,4</u>	<u>B1</u>

Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	<u>1</u>	<u>8,3</u>
A2	<u>9</u>	<u>75</u>
B1	<u>2</u>	<u>16,7</u>
B2	<u>1</u>	<u>8,3</u>
TOTAL	<u>13</u>	<u>108,30%</u>

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ul style="list-style-type: none"> - A infraestrutura dixital respalda a E/A con tecnoloxías dixitais. - Temos dispositivos dixitais para a ensinanza. - Temos acceso a internet. 	
	PERSONAL DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> - Realizamos debates sobre as vantaxes e inconvenientes do uso das TIC. - Contamos con acceso a DPC. Buscamos recursos dixitais en liña. Uso das TIC nas comunicacións. - Uso das TIC segundo as necesidades do alumnado. Alumnado implicado nas TIC. 	<ul style="list-style-type: none"> - Pouca promoción do intercambio de experiencias dixitais. - Uso insuficientemente de EVA. - Escasa participación en proxectos interdisciplinares coas TIC. - Escaso uso das TIC en: AV, retroalimentación, autorreflexión e observacións construtivas.
	ALUMNADO	<ul style="list-style-type: none"> - Temos ordenadores e tablets para uso do alumnado. - Aprende a usar internet de modo seguro, responsable e respectando aos demais. - Aprende a verificar a información e a dar por válido o traballo atopado en internet. 	

	OFERTA	<ul style="list-style-type: none"> - Contamos co apoio do Equipo Directivo para probar novas formas de ensinanza usando as TIC. 	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<ul style="list-style-type: none"> - Contamos co apoio do Equipo Directivo para probar novas formas de ensinanza usando as TIC. 	<ul style="list-style-type: none"> - Non contamos cunha estratexia dixital. - Escasa avaliación do progreso do proceso de E/A usando as TIC. - Non temos asistencia técnica inmediata cando xorden problemas.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<ul style="list-style-type: none"> - Contamos con dispositivos dixitais para a nosa labor docente. - Temos bo acceso a internet para facilitar a ensinanza e o aprendizaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> - A asistencia técnica externa é practicamente nula.
	OUTRAS ENTIDADES	<ul style="list-style-type: none"> - A infraestrutura dixital respalda a E/A con tecnoloxías dixitais. 	<ul style="list-style-type: none"> - Escasa colaboración con outras organizacións empregando as tecnoloxías dixitais.

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

"Área de mellora": Programas da Consellería vinculados ás TIC: Edixgal, espazos maker...						
1. OBXECTIVO (1):	Concienciar á comunidade educativa sobre as vantaxes ao participar nos programas da Consellería				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo, claustro				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Aceptación dos diferentes programas polos diferentes integrantes da comunidade educativa					
Valor de partida (3)	O valor de partida é cero					
Valor previsto e data (4)	O valor previsto é de participación en dúas convocatorias			Fin de data de participación das diferentes convocatorias		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Involucrar e concienciar ao profesorado	Equipo directivo	Fin de data da participación das diferentes convocatorias	Infraestruturas	- Máis do 80% do profesorado está interesado	Realizada	
				- Un 50% do profesorado está interesado.	Aprazada	
				- Menos do 25% do profesorado está interesado	Pendente	
AO1.2: Involucrar e concienciar ao alumando	Claustro	Fin de data da participación das diferentes convocatorias	Convocatorias	- Máis do 80% do alumnado participa.	Realizada	
				- Un 50% do alumnado participa.	Aprazada	
				- Menos do 25% do alumnado participa.	Pendente	
AO1.3: Involucrar e concienciar ás familias	Equipo directivo Claustro	Fin de data da participación das diferentes convocatorias	Convocatorias	- Máis do 80% das familias participa	Realizada	
				- Un 50% das familias participa	Aprazada	
				- Menos do 25% das familias participa	Pendente	

"Área de mellora": Creación de recursos dixitais para reforzar a labor de ensinanza						
2. OBXECTIVO (1):	Elaboración dun banco de recursos educativos interdisciplinares na Aula Virtual do centro para consulta e utilización de todo o claustro.				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo, coordinadora TIC, claustro				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de recursos educativos creados					
Valor de partida (3)	O valor de partido é cero					
Valor previsto e data (4)	O Valor previsto son 10 recursos dixitais			3º trimestre curso 22-23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1:Realización de busca por internet de recursos e páxinas de interese para logo afondar no se uso no PFPP	Equipo directivo, claustro, coordinadora TIC	Final do primeiro trimestre do curso 2022-2023	Internet, ordenadores	- Realizouse a busca de recursos por máis do 50% do profesorado. - Realizouse a busca por menos do 50%. - Non se realizou a busca.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Creación dun PFPP para afondar no uso de ferramentas para a creación de recursos educativos.	Equipo directivo, claustro coordinadora TIC	Final do primeiro trimestre do curso 2022-2023	Internet, ordenadores, formulario de solicitudes	- Creouse o PFPP con máis do 50% do profesorado - Creouse o PFPP con menos do 50% de profesorado. - Non se creou o PFPP	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3:Creación na AV un lugar colaborativo para subir todo o material elaborado.	Equipo directivo, claustro, coordinadora TIC	Final do terceiro trimestre do curso 2022-2023	Internet, ordenadores, AV	- O espazo na AV organizouse e emprégase - O espazo na AV organizouse e non se emprega - Non se organizou a AV	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área de mellora": Uso de contornas virtuais de aprendizaxe co alumando						
3. OBXECTIVO (1):	Potenciar o uso da Aula Virtual entre a comunidade educativa de Educación Infantil: publicación de vídeos fotos...				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo, coordinadora TIC, claustro				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Incremento na porcentaxe de familias de Educación Infantil que visitan a aula virtual do centro.					
Valor de partida (3)	O valor de partida é cero.					
Valor previsto e data (4)	O valor previsto é de 75% da comunidade educativa de Educación Infantil			3º trimestre curso 22-23		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Organización dun curso de formación para as familias do uso da AV	Equipo directivo, coordinadora TIC, profesorado EI	Final do primeiro trimestre do curso 2022-2023	Internet, ordenadores	- Organizouse o curso e asistiron máis do 50%.	Realizada	
				- Organizouse o curso e asistiron menos do 50%	Aprazada	
				- Non se organizou o curso.	Pendente	
AO1.2: Creación dun PFPP para o profesorado de EI coñeza as posibilidades da AV	Equipo directivo, coordinadora TIC, profesorado EI	Final do primeiro trimestre do curso 2022-2023	Internet, ordenadores, formulario solicitude	- Creouse o PFPP con máis do 50% do profesorado	Realizada	
				- Creouse o PFPP con menos do 50% de profesorado.	Aprazada	
				- Non se creou o PFPP	Pendente	
AO1.3: Organización da AV como lugar de subida vídeos, fotos e actividades enfocadas a EI.	Equipo directivo, coordinadora TIC, profesorado EI	Segundo e terceiro trimestre do curso 2022-2023	Internet, ordenadores, AV	- A AV organizouse e emprégase	Realizada	
				- A AV organizouse e non se emprega	Aprazada	
				- Non se organizou a AV	Pendente	

"Área de mellora": Prácticas de avaliación						
4. OBXECTIVO (1):	Empregar a tecnoloxía para facilitar as prácticas de avaliación do alumnado				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinadores de ciclo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Emprego xeneralizado dos cuestionarios da AV na avaliación e retroalimentación das tarefas do alumnado					
Valor de partida (3)	O valor de partida é cero.					
Valor previsto e data (4)	Todas as aulas empregaron un cuestionario en dúas áreas			Terceiro trimestre do curso 2022-2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Crear un GT para a formación e elaboración de bancos de preguntas na AV corporativa	Equipo directivo, coordinadora TIC	Primeiro trimestre	Ordenadores, internet, aula virtual	- Creouse o GT con máis do 50% do profesorado - Creouse o GT con menos do 50% de profesorado. - Non se creou o GT	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Elaborar bancos de preguntas para a avaliación dos contidos de dúas materia.	Coordinadores de ciclo	Segundo trimestre	Ordenadores, internet, aula virtual	- Elaboráronse bancos de de preguntas para dúas materias. - Elaboráronse bancos de preguntas para unha materia. - Non se crearon bancos de preguntas.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Empregar os cuestionarios dixitais coa información e retroalimentación axeitadas	Profesorado	Terceiro trimestre	Ordenadores, internet, aula virtual	- Empregáronse os cuestionarios en dúas materias. - Empregouse o cuestionario nunha materia. - Non se empregaron os cuestionarios.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área de mellora": Infraestrutura e equipos						
5. OBXECTIVO (1):	Potenciar a aula de informática: substituír o cableado eléctrico e emprazar os equipos obsoletos.				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Cableado substituído e renovación de equipos					
Valor de partida (3)	Instalación eléctrica defectuosa e dotar de 14 equipos informáticos obsoletos.					
Valor previsto e data (4)	Terceiro trimestre do curso 2022-2023					
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Implicar ao concello de Narón no cambio do cableado.	Equipo directivo,	Primeiro trimestre	Sede electrónica do concello de Narón	- Fíxose a solicitude - Non se solicitou	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Solicitar á Consellería a substitución dos equipos informáticos obsoletos.	Equipo directivo	Primeiro trimestre	Sede electrónica Xunta de Galicia	- Fíxose a solicitude - Non se solicitou	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

- Cambio do cableado e das conexións eléctricas da aula de informática. As conexións eléctricas están pegadas á parede polo chan, estando moitas delas rotas, despegadas e inservibles. Non hai suficientes puntos de acceso á internet e moitos deles rotos polo que é necesario instalar máis.
- Equipos informáticos para os postos de traballo de xestión e administración do centro. Os tres equipos da administración (equipo directivo) van moi lentos repercutindo na ralentización da labor administrativa.
- Equipo informático para uso na biblioteca para xestión de catálogo de libros, consulta e administración. Equipo moi antigo, dotado con sistema operativo XP sen posibilidade de actualización, sería convinte un novo equipo que soporte o novo programa de xestión de biblioteca.
- Renovación dos equipos obsoletos da aula de informática. Hai 10 equipos con máis de 15 anos, con procesadores moi lentos ademais de dispoñer de pouca memoria e disco duro o que implica moita lentitude á hora de cargar as aplicacións e navegar por internet.

4. Avaliación do plan

Para a elaboración e coordinación do Plan desenvolveremos o seguinte procedementos:

- **Trimestralmente** valorarase o estado de execución de cada unha das accións de mellora e a análise e valoración dos resultados tal e como está recollido en cada unha delas. Axudarán a determinar se o obxectivo proposto foi alcanzado e se é necesario realizar variacións no plantexamento destas acción durante o curso para que as propostas se materialicen. e ser necesario recolleranse as propostas de mellora para acadar o logro desas accións.
- Os resultados da avaliación do terceiro trimestre, **avaliación final**, recollerán o logro das accións e propostas de mellora para desenvolver no seguinte curso. Estes datos quedarán reflectidos na memoria do curso escolar para presentar ao claustro e ao Consello Escolar.

5. Difusión do plan

O Plan Dixital aparecerá na páxina web do CEIP Plurilingüe Virxe do Mar para que poida ser accesible a calquera membro da súa comunidade escolar.

Este Plan Dixital entrará en vigor ó día seguinte da súa aprobación no Consello Escolar, poñéndose en práctica no curso 2022-2023.

Aprobado polo Claustro: 30 de xuño de 2022

Aprobado polo Consello Escolar: 30 de xuño de 2022